

### Cotas de Inscripción:

- Colexiados COBs, empregados/as públicos/as de carácter técnico das administracións local, autonómica e estatal e estudantes de Grao en Bioloxía (demostrando esa condición)	240,00 €
- Non colexiados, outras situacións laborais e outras titulacións	320,00 €

A inscrición verificarase mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible na dirección (desde as 8 horas do 7 de outubro) <http://egap.xunta.gal/matricula>

Ademais, farase unha transferencia bancaria polo importe correspondente á conta ES93 2080 3114 1130 4000 7428 (ABANCA) enviando o xustificante da operación a [cursos@biologosdegalicia.org](mailto:cursos@biologosdegalicia.org) indicando no texto da mensaxe: nome completo, DNI e data de nacemento (aos efectos da póliza de seguro que suscribe o COBGA para os alumnos dos seus cursos).

O pago da matrícula poderase facer efectivo nun prazo único ou en dous prazos. Neste último caso, a expedición do certificado de aproveitamento queda condicionada ao envío de dito xustificante no prazo establecido (31/X/17).

### Número de Prazas:

Máximo 25 alumnos

Mínimo 12 alumnos

### Datas e Horario:

Días 25 (10-14 horas), 26 (9-13 e 15-19 horas), 30 (9-13 e 15-19 horas) e 31 (10-14 horas) de outubro de 2017. As sesións de tarde serán de prácticas de campo

### Lugar de Celebración:

Salón de Actos CERSIA Empresa. Alcalde Raimundo López Pol, s/n, San Lázaro. Santiago de Compostela

### Características do Curso:

24 horas lectivas

A EGAP librará un Certificado de Aproveitamento previa superación dunha avaliación consistente na realización dun proxecto de xestión



### Prazo de Inscripción:

10 días naturais a partir do seguinte ao da publicación no DOG.

[http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171006/AnuncioO150-290917-0001\\_gl.html](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171006/AnuncioO150-290917-0001_gl.html)

### Información:



Tel. 981-53 14 40 ■ Fax 981-53 42 25

[cursos@biologosdegalicia.org](mailto:cursos@biologosdegalicia.org)

[http://www.biologosdegalicia.org/cursos\\_cobga.html](http://www.biologosdegalicia.org/cursos_cobga.html)



# Curso de Iniciación en Xestión e Control de Flora Exótica Invasora

Organiza:



Colabora:



## Xustificación e Obxectivos

As especies de flora exótica invasora supoñen un serio perigo para a conservación da biodiversidade autóctona en calquera lugar do planeta. Ademais, distintas especies son responsables tamén de cuantiosas perdas económicas en diferentes sectores, ou ben supoñen desembolsos millonarios para os organismos responsables da súa retirada do medio natural. Galicia non é allea a esta situación, e nos últimos anos tense detectado a presenza de varias destas especies con maior potencial de impacto ambiental e económico.

O COBGA ten alertado xa sobre a ameaza real e inmediata que significan certas especies exóticas con comportamento invasor para a biodiversidade e a economía de Galicia, instando ás administracións implicadas na súa xestión a tomar as medidas necesarias para prever a introdución e expansión destas especies, así como para o seu control e posible eliminación.

Os obxectivos principais da actividade son:

- Formar a persoal técnico relacionado coa xestión de montes, do medio rural, de parques e xardíns, de obras públicas e de conservación da natureza, no referido ao coñecemento dos procesos de invasión de flora exótica e a súa problemática ambiental e económica.

- Sensibilizar acerca da existencia e das características das invasións biolóxicas no seu papel como factor de degradación ambiental de primeira orde.

- Contribuir a frear a perda de biodiversidade local e global (obxectivo da Unión Europea para 2020) a través do coñecemento e da correcta xestión desta problemática ambiental.

## Observacións

O curso, teórico-práctico, foi homologado pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para empregados/as públicos ao servizo das administracións públicas de Galicia.

## Docencia e Coordinación

*Jorge Mouriño Lourido.* Biólogo. Consultor ambiental desde 1991 e fundador de ARCEA Xestión de Recursos Naturais. Director de máis de 20 proxectos directamente relacionados con especies exóticas invasoras desenvolvidos por ARCEA entre 2005 e 2017. Director e/ou formador en cinco cursos directamente relacionados coa flora exótica invasora.

## Destinatarios

Criterios de selección:

1. Persoal técnico das administracións públicas con competencias na xestión de montes, do medio rural, de parques e xardíns, de obras públicas e de conservación da natureza
2. Profesionais que realicen os seus traballos nos ambitos forestal, do medio rural, da xardinería, das obras públicas e da conservación da natureza
3. Estudantes de Universidade en titulacións relacionadas cos aspectos citados
4. Persoas interesadas na conservación da natureza e as plantas exóticas

## PROGRAMA

- **Bloque 1. Introducción á problemática global das invasións biolóxicas:**
  - o Definicións e características
  - o Impactos ecolóxicos, económicos e na saúde humana
  - o Recoñecemento internacional
  - o Estado da cuestión en España

## - Bloque 2. Situación actual en Galicia:

- o Diagnóstico e Plan Estratéxico elaborados pola Xunta de Galicia
- o Principais actuacións executadas até a data
- o Lexislación de aplicación (Catálogo español de Especies Exóticas Invasoras; Regulamentos da Unión Europea)
- o Marco institucional.

## - Bloque 3. Identificación e características das principais especies de flora invasora en Galicia:

- o Especies preocupantes para a Unión Europea
- o Especies oficialmente catalogadas (Catálogo Español)
- o Outras plantas con comportamento invasor en Galicia
- o Plantas con invasión incipiente ou con risco de invasión futura

## - Bloque 4. Estratexias de xestión:

- o Directrices internacionais e principios reitores de xestión
- o Importancia das accións preventivas
- o Sistemas de vixilancia, de alerta temperá e de resposta rápida
- o Planificación de accións de control e erradicación

## - Bloque 5. Implicacións na xestión cotiá e de proxectos

- o Xestión de montes (forestal)
- o Xestión do medio rural
- o Xestión de parques e xardíns
- o Xestión de obras públicas
- o Xestión de conservación da natureza